

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA e RETEGAL PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DO CURSO DE ESPECIALISTA EN TECNOLOXÍAS DE QUINTA XERACIÓN (5G)

En Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** (de aquí en adiante AMTEGA), con NIF nº Q1500382E e D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez na súa calidade de directora actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL)**, con NIF nº A15643687 e D^a Pilar Chapela Villanueva na súa calidade de directora xerente en nome e representación da mesma e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, e facultado para este acto polo Consello de Administración da sociedade.

Doutra parte, a **Universidade de Vigo**, con sede en Edificio Exeria, Campus de Vigo, 36310 Vigo, e NIF Q8650002-B (de aquí en adiante UVIGO) e D. Manuel Joaquín Reigosa Roger na súa calidade de Reitor Magnífico, cargo que ostenta en virtude de nomeamento efectuado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, de 8 de xuño de 2018, actuando no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril e o artigo 29 dos Estatutos desta Universidade, aprobados mediante o Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a



impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo.- Que **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL)**, constitúe unha entidade das comprendidas non ámbito da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á AMTEGA a través da área de Sociedade Dixital, e creada para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Creada mediante Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da consellería de Economía e Facenda, xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así, Retegal constitúe unha sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

Terceiro.- Que, en data 06 de novembro de 2018, se asinou o *Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Telefónica Móviles España, S.A.U., Orange Espagne, S.A.U., Vodafone España, S.A. e Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A. para a constitución do Nodo de Cooperación 5G de Galicia e a realización de diversas probas de concepto no eido do 5G na comunidade autónoma de Galicia* (en adiante CONVENIO), co obxecto de constituír o Nodo de Cooperación 5G de Galicia definido na Medida 2 do Plan Galicia 5G e promover o desenvolvemento de diferentes probas de concepto coa utilización da tecnoloxía 5G na Comunidade Autónoma de Galicia, contempladas na Medida 3 do Plan Galicia 5G.

O dito CONVENIO recolle na súa cláusula sexta que durante a súa vixencia, outros axentes do ecosistema 5G, vinculados ao desenvolvemento das probas de concepto obxecto dese CONVENIO ou con interese en formar parte do Nodo de Cooperación 5G de Galicia, poderán adherirse ao mesmo e colaborar activamente para a consecución dos obxectivos establecidos mediante a sinatura dunha Addenda ao texto do CONVENIO, asinado polo interesado así como por RETEGAL e AMTEGA.

O Nodo de Cooperación 5G de Galicia ten como principal obxectivo actuar de concentrador e catalizador dos retos das empresas e usuarios integrantes do ecosistema 5G, así como dos avances experimentados na devandita tecnoloxía.

Así mesmo, en data 27 de febreiro de 2019, a Universidade de Vigo asina a addenda para a súa adhesión ao Nodo de Cooperación 5G de Galicia, como entidade integrante do ecosistema 5G de Galicia, especialmente na súa faceta académica e formadora e no seu rol de investigadora no ámbito das 5G, a través dos seus grupos de investigación, asumindo os termos establecidos no CONVENIO que lle aplican como membro do Nodo de Cooperación 5G de Galicia.

Cuarto.- Que, en data 14 de maio de 2019 se constitúe a Comisión de Seguimento do devandito Convenio, na que se plantexa como 3º punto da Orde do día, a aprobación do programa do curso de especialista en 5G da UVIGO, así como da aportación de 7.000,00 euros por parte de Retegal, que se detraerían dos compromisos asumidos por dito operador no marco do convenio, que servirían para rebaixar os custos de matrícula dos estudantes así como para abonar gastos do profesorado externo.



Quinto.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e RETEGAL, teñen entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico. Ao longo do curso académico 2019-2020, se levou a cabo a primeira edición do Curso de Especialista en Tecnoloxías de Quinta Xeración (5G), con gran éxito na execución do mesmo.

É evidente pois, que a achega económica de RETEGAL ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese xeral, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías da información entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.

Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da Universidade de Vigo e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e o artigo 11.2 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., e a Universidade de Vigo acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a UVIGO, AMTEGA e RETEGAL para o desenvolvemento do curso de "Especialista en Tecnoloxías de Quinta Xeración (5G)" (en diante **o Curso**) enmarcado no Programa de Títulos propios da Universidade de Vigo.

SEGUNDA.- DESCRICIÓN DO PROXECTO

Que a Universidade de Vigo, dentro do seu programa de Títulos propios ten previsto organizar o Curso de Especialista denominado "*Tecnoloxías de Quinta Generación (5G)*", que terá como finalidade a formación e especialización do alumnado en relación coas materias que de



seguido se relacionan, de acordo co Regulamento de Títulos Propios de Postgrao e outros cursos da Universidade de Vigo.

Obxectivos do Curso:

1. Reciclar profesionais do sector da telefonía móbil celular nas características novidasas de 5G.
2. Completar a formación de titulados de grao do ámbito da Enxeñaría de Telecomunicación, ou das TIC en xeral, especializándoos en 5G.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA UVIGO

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a UVIGO obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da lei 9/2017 de subvencións de Galicia.
- Ante a posibilidade de que as circunstancias sanitarias ocasionadas pola COVID-19 afecten con maior ou menor intensidade á realización de actividades presenciais, axustar o seu desenvolvemento á modalidade on line ou mixta (presencial con aforo limitado e retransmisión on line), coa finalidade de garantir a seguridade sanitaria dos participantes. En todo caso, garantirase a execución completa das actividades cumprindo coas restricións sanitarias.
- Cumprir a normativa en materia de protección de datos e seguridade da información, concretamente, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas pola Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Entregar todo o material elaborado dentro do marco deste convenio de acordo co establecido na cláusula décimo sexta relativa a Dereitos de explotación e propiedade intelectual baixo licenza Creative Commons BY-SA (Recoñecemento – Compartir Igual).



- Facer figurar expresamente o financiamento de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. como promotora do proxecto dentro das actuacións asociadas a este Convenio
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos de RETEGAL e AMTEGA co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.
- A UVIGO comprométese a xustificar ante a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.
- A UVIGO comprométese a outorgar un máximo de 10 becas para desempregados/estudantes e de 15 becas para persoas en activo.
- A UVIGO quedará sometida aos procedementos de control establecidos A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Doutra banda, a UVIGO presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR601A habilitado ao efecto na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- o Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal.
- o Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento *de minimis*).
- o Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades".
- o Autorización á AMTEGA e RETEGAL para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. Non obstante o anterior, a UVIGO poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento.



- o Declaración expresa na que manifesta a súa preferencia pola notificación electrónica, no que se refire a resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

O **Curso** ten un custe estimado total de 37.625,00 € que se distribúen como sigue:

CONCEPTO	CUSTE
10 becas para desempregados/estudantes	8.400,00 €
15 becas para persoas en activo	5.400,00 €
Custes profesorado (100 horas a 125 €/hora)	12.500,00 €
Custes profesorado UVIGO (proxecto) - 240 € por proxecto	6.000,00 €
Custes Dirección/Coordinación	1.200,00 €
Custes da Universidade	2.320,00 €
Organización	696,00 €
Material funxible	425,00 €
Outros gastos	684,00 €
TOTAL CUSTES ESTIMADOS	37.625,00 €

Estímase a matriculación de 25 alumnos cun pago de matrícula estándar por valor de 1.200,00 €, acadando un total de 30.000,00 €.

RETEGAL comprométese a financiar un 18,60% do custe total do proxecto. En todo caso, a achega de Retegal será dun máximo de 7.000,00 €, e coa seguinte distribución orzamentaria:

	2021
RETEGAL Recursos propios Importe máximo	7.000,00 €

A achega de Retegal deberá destinarse, exclusivamente, á compensación dos gastos asumidos pola Universidade de Vigo polos seguintes conceptos:

1. dotación das becas para persoas en activo e persoas desempregadas/estudantes outorgadas pola Universidade de Vigo
2. gastos do profesorado externo vinculado ao Curso.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación do convenio.



Os custos correspondente as dietas, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola Universidade de Vigo á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

Os gastos xerais da UVIGO vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª poderán imputarse con cargo ao presente convenio, ata un límite do 10% do total da subvención establecida nesta cláusula.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se houberse realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24/12/2013, L352/1), quedando condicionada polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

QUINTA.- DIRECCIÓN, MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS

A Universidade de Vigo, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Desta forma, de conformidade co establecido no apartado 3) do devandito artigo 27, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención establecida neste convenio e dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Amtega e RETEGAL.



En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Amtega e RETEGAL poderán comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

SEXTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DE RETEGAL

RETEGAL financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de SETE MIL EUROS (7.000 €) con cargo aos seus propios orzamentos.

O financiamento por parte de RETEGAL das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

O aboamento da achega antedita realizarase unha vez que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

A UVIGO presentará ante RETEGAL a xustificación da subvención. O prazo para presentar a xustificación finaliza o **30 de novembro de 2021** e se presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud de pagamento.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante revogase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que está ao día nas súas obrigas, deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidos na súa execución.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. Esta relación presentarase en formato PDF e así mesmo nun formato de folla de cálculo ODS de LibreOffice, para facilitar a súa revisión.
- Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación.



- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario, conforme ao artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración de calquera axuda obtida polo beneficiario baixo o réxime de minimis no presente ano fiscal e nos dous anteriores.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que houberen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- Declaración responsable relativa á porcentaxe de imputación de cada un dos gastos xerais vinculados directamente á execución das actuacións recollidas na cláusula 2ª deste convenio fronte ao total de actividades desenvolvidas pola UVIGO durante o período de vixencia do Convenio. No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Entregar cuberto o modelo de recompilación de datos, que aparece recollido como **Anexo I** do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, RETEGAL, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

OITAVA.- PAGAMENTO

O aboamento da achega económica realizarase a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio, mediante pagamentos parciais á conta da liquidación por importe non superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos



pagamentos xustificados, de conformidade co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Adicionalmente, con carácter xeral, e previa solicitude, poderá procederse a un anticipo de ata o 50% do importe máximo de financiamento que serán concedidos mediante resolución motivada nas condicións establecidas no artigo 31.6 da Lei 9/2007 e nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009. O prazo para presentar a solicitude do anticipo, rematará o **15 de novembro de 2021**.

Nos termos establecidos no citado Decreto 11/2009, se o beneficiario solicita anticipo e/ou pagamentos a conta por un importe acumulado superior a 18.000,00 €, estará obrigado á presentación do xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. A devandita garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e polo prazo que medie entre a data de presentación do xustificante acreditativo da constitución de garantía e, como mínimo, aquel en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación. A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda, segundo se establece no artigo 67º do mencionado Decreto 11/2009.

O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados non poderá ser superior ao 80% do importe máximo do convenio.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

O pagamento realizarase sempre previo informe de conformidade de RETEGAL e, no seu caso, comprobación material do investimento de conformidade co artigo 30, puntos 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- MINORACIÓN DA SUBVENCIÓN

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

DÉCIMA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:



- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓNS

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. No caso de persoas interesadas que, de acordo coa normativa básica, estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da AMTEGA e RETEGAL e dous representantes da UVIGO, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Dous representantes da Universidade, nas persoas dos codirectores do curso, Prof. Dr. Iñigo Cuiñas Gómez e Prof. Dr. Manuel Fernández Veiga.
- Dous representantes de AMTEGA e RETEGAL, nas persoas de Dna. María del Mar Pereira Álvarez, na súa calidade directora de AMTEGA e D. Pilar Chapela Villanueva na súa calidade de directora xerente de RETEGAL, ou persoas en quen deleguen cada un deles/delas.

Esta comisión estará presidida pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que terá voto de calidade, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas.

DÉCIMO CUARTA .- PUBLICIDADE

A UVIGO consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así como tamén se compromete a facilitar toda a información requerida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.



DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

DÉCIMO SEXTA .- MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.
2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
 - b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
 - c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.
3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á directora de RETEGAL, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o **30 de novembro de 2021**. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.
4. A conformidade expresa de RETEGAL ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable, e só será outorgada cando non se alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os requisitos antes indicados.
5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola directora de RETEGAL logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL.

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio, Redes de Telecomunicación Galegas e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



DÉCIMO OITAVA.- INTERPRETACIÓN.

O presente convenio, que ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

Rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

DÉCIMO NOVENA.- DEREITOS DE EXPLOTACIÓN E PROPIEDAD INTELECTUAL

A documentación e o material elaborado dentro do marco deste convenio deberá poñerse a disposición da sociedade en xeral, así como proceder á entrega da copia do material a RETEGAL, con licenzas de documentación libres aprobadas pola Free Software Foundation ou a Open Source Initiative, preferentemente coa licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartirlgual (CC-BY-SA).

A UVIGO debe garantir que obtivo, no caso de ser necesario, o permiso dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual ou do seu representante legal, para utilizar fragmentos de textos, ilustracións, mapas, sons, vídeos, gráficos ou outros elementos incluídos na obra ou obras entregadas.

A UVIGO deberá facer dispoñible, no caso de que a obra final sexa obtida mediante compilación ou procesamento dun ficheiro fonte ou varios, todos os ficheiros necesarios para xerar a obra, baixo as mesmas condicións que a propia obra.

A obra debe empregar formatos e estándares abertos e non deben existir restricións técnicas ou outro tipo de restricións ou limitacións que limiten as liberdades de uso, estudo, copia, cambios, realización de melloras, distribución total ou parcial da obra e das súas modificacións.

De ser o caso, o código fonte das aplicacións desenvolvidas no ámbito deste convenio deberán poñerse a disposición de RETEGAL cunha licenza compatible coa definición de Software Libre ou de Fontes Abertas segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, asegurando que os programas, datos ou información que se comparten:

- a) Poden executarse para calquera propósito.
- b) Permiten coñecer o seu código fonte.
- c) Poden modificarse ou mellorarse.
- d) Poden redistribuírse a outros usuarios con ou sen cambios sempre que a obra derivada manteña estas mesmas catro garantías.

A UVIGO resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio facendo constar o financiamento da Xunta de Galicia.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.



VIXÉSIMA.- NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio de colaboración rexerese por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
-
- Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24/12/2013, L352/1).

E, en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO
O Reitor

POLA AMTEGA
A directora

POR RETEGAL
A directora xerente

Asdo.: Manuel Joaquín Reigosa
Roger

Asdo.: M^a del Mar Pereira
Álvarez

Asdo.: Pilar Chapela
Villanueva



ANEXO I:

PROGRAMA DO CURSO

“Especialista en Tecnoloxías de Quinta Xeración (5G)”

Programa docente

Lugar: Vigo

Centro: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Horarios: xoves e venres pola tarde (probablemente online)

Datos administrativos

Datos do Profesorado

PROFESORADO do Curso:

Nome profesor/a	Empresa/institución	Horas
Candal Ventureira, David	UVIGO	2.5
Cuiñas Gómez, Iñigo	UVIGO	10
Fernández Veiga, Manuel	UVIGO	5
Fondo Ferreiro, Pablo	UVIGO	2.5
García Sánchez, Manuel	UVIGO	10
García Rois, Juan	UVIGO	2.5
Gil Castiñeira, Felipe	UVIGO	5
González Castaño, F. Javier	UVIGO	5
López Valcarce, Roberto	UVIGO	5
Lorenzo Veiga, Beatriz	UVIGO	2.5
Mosquera Nartallo, Carlos	UVIGO	5
Pérez González, Fernando	UVIGO	5
Torío Gómez, Pablo	UVIGO	5
Tutores Proyectos	UVIGO	100
Castedo Rivas, Luis	Universidade da Coruña	5
Especialistas empresas		30

Profesor coordinador do curso: D. Iñigo Cuiñas Gómez e D. Manuel Fernández Veiga



TEMARIO do Curso de **Especialista en Tecnoloxías de Quinta Xeración (5G)**

Indicar os coñecementos previos necesarios para o seguimento do curso:

Coñecementos previos: alumnos ou titulados en Máster en Enxeñaría de Telecomunicación, Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, profesionais relacionados co título cun mínimo de 3 anos de experiencia profesional, titulados en Enxeñaría Informática

Obxectivos da materia:

1. Reciclar profesionais do sector da telefonía móbil celular nas características novidasas de 5G.
2. Completar a formación de titulados de grao do ámbito da Enxeñaría de Telecomunicación, ou das TIC en xeral, especializándoos en 5G.

Temario teórico-práctico

Horas totais = 200 horas

Tema	Contido
Introdución a 5G	<ul style="list-style-type: none"> o Xornada inauguración o Introdución á telefonía móbil e á evolución nas diferentes xeracións. <ul style="list-style-type: none"> ¿A qué nos enfrontamos? Filosofía do sistema o Elementos dunha rede 5G <ul style="list-style-type: none"> Arquitectura Estándares Tecnoloxías base Efectos do cambio nas operadoras
O Sector Radio	<ul style="list-style-type: none"> o Propagación de ondas en frecuencias milimétricas e de microondas o Antenas multifeixe o Planificación celular o MIMO masivo o Especificidades do 5G de cara a operadoras
Codificación e modulacións	<ul style="list-style-type: none"> - Forma de onda NR - Capacidade de canle - Tratamento de sinais multiantena (énfase en MIMO masivo) - Conformación de feixe, precodificación e receptores - Tratamento de sinais en bandas milimétricas - Soporte a M2M - Seguridade en capa física - Técnicas de acceso múltiple: acceso ortogonal e non ortogonal, acceso masivo.
Capa de rede	<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura do núcleo de rede. Arquitectura orientada a servizos - Virtualización e softwarización (Network Function Virtualization – NFV) - Separación dos planos de control e de usuario - "Network Slicing": Asignación de recursos de rede a



Tema	Contido
	<p>servizos e/ou verticais</p> <ul style="list-style-type: none"> - "Edge computing": Recursos de cómputo no borde da rede. - Orquestación de servizos. - Novas tecnoloxías: <ul style="list-style-type: none"> • "Data-driven networks": Cara un plano de control intelicente. • "Coded Cache-aided communications": Optimizando a distribución de contidos
Seguridade nas comunicacións	Fundamentos de seguridade en 5G
Casos de uso e aplicacións	<ul style="list-style-type: none"> - Escenarios de uso de 5G <ul style="list-style-type: none"> • eMBB (enhanced Mobile Broadband) • URLLC (Ultra Reliable Low Latency Communications) • mMTC (massive Machine Type Communications) - Estudio de casos de uso e aplicación de 5G a sectores verticais. <ul style="list-style-type: none"> • Servizos de banda larga • Vehículo conectado e transporte • Control de infraestrutura e servizos críticos • Control de dispositivos remotos • Redes de sensores: industria 4.0 • Etc.
Proxecto de fin de curso	<p>o Xornada de operadores: ideas e propostas, ao comenzo</p> <p>o Realización de proxectos individuais, titorizados por profesorado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (coa posibilidade de cotitores de empresas)</p> <p>o Xornada de presentación de proxectos, 3 minutos por proxecto</p>

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTACIÓN:

A Documentación darase no desenvolvemento do curso

MÉTODO DOCENTE E SISTEMA DE AVALIACIÓN:

Tipo de Avaliacións: Defensa dos proxectos individuais de fin de curso: Na xornada de presentación, cada alumno disporá de 3 minutos para resumir, en tres transparencias, o proxecto que realizou, e responder ás preguntas dun tribunal formado por tres profesores

CRITERIO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO:

Se ofertan 25 prazas. De haber máis solicitudes, se reservarán 5 para estudantes da Universidade de Vigo, que de non cubrirse volverían a sumarse ás de libre acceso. Terán preferencia, por este orden:

1. Titulados de Máster en Enxeñaría de Telecomunicación ou Enxeñeiros/as de Telecomunicación
2. Estudantes de Máster en Enxeñaría de Telecomunicación



3. Titulados de Grao de calquera das ramas de Telecomunicación ou Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación
4. Profesionais directamente relacionados coa especialidade do título que reúnan os requirimentos legais para cursar estudos universitarios e acrediten un mínimo de 3 anos de experiencia profesional
5. Titulados de Máster en Enxeñería Informática ou Enxeñeiros Informáticos
6. Titulados de Grao en Informática

SUPERACIÓN DO CURSO:

- Asistencia a un mínimo do 80% das clases, que poderán ser presenciais e/ou virtuais (online).
- Informe favorable do tribunal dos proxectos individuais

